

Benquerido amigo Manolo:

Hai 25 anos emprendiche una longa viaxe cara o Alén, acompañado polo asubio dun merlo voador que che indicou o carreiro infindo da lonxanía. As mans de Irene, a túa dona e os teus fillo Enrique e Santi acariñaban a túa que acenaba mainamente, co xeito inconfundible dun “ata sempre”, e o cartafol que apreixabas, cheo de pensamentos e ideas, ciscouse co vento e os máis achegados recollimos a mensaxe espallada, para coidala e ofrecella ós que teñen curiosidade.

Ti sabes que eu manteño que ninguén se “perde no tempo”, nin “esmorece na indiferencia”, si é recordado polas súas obras e actitude, e ti, benquerido amigo Manolo, “poeta obreiro”, coma alguén te chamou e defensor da cultura, cumpliches dabondo con esas premisas. Levamos 25 anos engadindo no noso fardel, con natural serenidade, as conviccións que defendiches, adaptándonos ás transformacións fermentadas en conceptos dun pasado no que ti traballaches.

E aquí estamos , rendíndoche homenaxe, lembrándote con emoción, revisando o teu legado, deténdonos nos teus degoiros de xustiza social, no teu quefacer, nas túas propostas, vixentes na actualidade e nesa inqueda está incluída Galicia, factor indiscutible das túas preocupacións. O teu labor comprometido a prol da Terra, acrecéntase no percorrer dunha sociedade que intentan globalizar e que ti xa albiscaches no trasfegar da fábrica.

Soubeches conxugar magníficamente, como soamente o saben facer os emigrantes, o xardín dos teus recordos de nacencia –a benamada Paradela- coa benquerida Barcelona, terra de acollida e forxadora da túa personalidade. Soubeches convivir sen enfrontar, soubeches participar respectuosamente.

Como espírito sensible navegaches a cotío pola vida, con ideas claras, lapis e papel en man, neste mundo

sorprendente, e a tenrura filtrouse nos sentimentos de amor e humildade e cantaches á auga, ás frores, ás árbores e o verde da paisaxe cuallou as bágoas nos nosos ollos e a natureza non che foi allea. E agromou a planta que Manolo sementou e creceu unha póla que foi evolucionando e transformouse nun fermoso violín para que o seu neto, arrinque das cordas as notas musicais que compasarán a beleza dun mundo mellor que o avó soñou.

Como amigo, conquistaches o aprecio de “irmáns na Terra”, porque eras – eres-, un home de ben, un galego que a través da escrita e da palabra practicaches a solidariedade e limpa amizade.

Nese tecido coñecín a MANOLO ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ e valorei o seu traballo, nun amplo abano literario, e cando se tronce a miña ruta, nalgunha estrela, gustaríame seguir con el e outros irmáns máis, esa conversa de esperanza que hai anos comezou, sinal de que os nosos proxectos non eran unha quimera.

Iolanda Díaz Gallego.

Barcelona, maio do 2015